

Ceip Plurilingüe de Oca



RESUMO PROTOCOLO COVID-19

REUNIÓN XERAL 07/09/2020

Para que?

O presente protocolo ten por obxecto **crear contornas escolares saudables e seguras** mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19

1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

- Os centros educativos manteranse abertos durante todo o curso escolar asegurando os servicios de comedor, así como apoio lectivo a menores con necesidades especiais o pertencentes a familias socialmente vulnerables, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.
- Os centros educativos promoverán que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades no lectivas que sexan posible, se realicen de forma telemática
- **Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias.** O equipo estará formado pola persoa titular da dirección do centro e dous membros do profesorado

2. Membros do equipo COVID

Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil) 886151050

Membro 1	ROCÍO MOSQUERA GONZÁLEZ	Cargo	DIRECTORA
----------	-------------------------	-------	-----------

Suplente	ANA EIRIZ MARIÑO		Mestra de 5/6 de primaria. Persoa con maior antigüidade no centro
----------	------------------	--	---

Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Nomear membros e suplentes no equipo covid. • Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. • Coordinación do equipo covid. • Xestionar a adquisición de material de protección necesario. • Comunicación de casos
-------------------	---

Membro 2	Marcos Liste Sánchez	Cargo	Mestre especialista en Lingua Estranxeira
----------	----------------------	-------	---

Suplente	Lourdes Souto Lorenzo		Mestra de apoio de Infantil e PT do centro.
----------	-----------------------	--	---

Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo de educación infantil. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil. • Difundir a información ao ciclo de infantil e ás familias
-------------------	--


Membro 3	Carlos Gulías Carrillo	Cargo	Mestre de 3º de Educación Primaria. Especialista de Ed. Musical. Coordinador TIC
----------	------------------------	-------	--

Suplente	Alba Fernández Paz		Mestra de 2º de Educación Primaria.
----------	--------------------	--	-------------------------------------

Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo docente de primaria. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de primaria. • Garantir a difusión da información ao profesorado de primaria e ás familias.
-------------------	---



Que facer cando se teñen síntomas?

- **NON ASISTIRÁN** ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
 - Tampouco acudirán ao centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- 


Que fai unha familia con seu fillo/a se ten síntomas?

- **No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou tutores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.**

Que acontece cando os síntomas aparecen no centro educativo?

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo as seguintes medidas:

- 1. Levarase a un espazo separado** de uso individual (**SECRETARÍA DO CENTRO**) colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado)
- 2. Contactarase coa familia**, no caso de afectar a alumnado. A familia deberá chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.
- 3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.**



Que pasa co profesorado se presenta síntomas no colexio?

- ▶ O/A traballador/a que inicie síntomas **debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara cirúrxica**, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- ▶ De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.



Que se fai cando aparece un caso confirmado no centro?


- ▶ No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como dos que sexan contacto mais próximos que estean vencellados ao centro educativo.
- ▶ A aplicación xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.



Un familiar ten unha proba positiva ou ten sospeita,
que facer?

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.



Ten repercusións sobre o absentismo que o alumnado falte a clase a causa de COVID-19?

- ▶ Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas

consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación



2.MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL.

- ▶ **Cal é a distancia de seguridade entre persoas?** manterase unha distancia interpersonal de polo menos **1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo**
- ▶ En educación infantil a organización do alumnado establecerase, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable, en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia.
- ▶ **Como se colocan os pupitres na clase en primaria ?** A distancia a manter entre postos escolares será a máxima que permita a aula.



Quen ten que usar máscara no centro educativo?

- **O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade** con independencia do mantemento da distancia interpersonal.
- O alumnado (a partir do nivel de infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.
- **Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor**



Existen excepcións para o uso da máscara?

- ▶ A obrigaición contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- ▶ **A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo.**



O alumnado de Infantil ten que levar máscara?

- ▶ Nos **grupos estables de convivencia** o alumnado **non terán a obriga** de usar a máscara **SOAMENTE DENTRO DA SÚA AULA.**
- ▶ **É OBRIGATORIA:**
- ▶ NO AUTOBÚS.
- ▶ NOS ESPAZOS COMÚNS.
- ▶ RECREOS.
- ▶ CANDO ACCEDAN AO COMEDOR.

Cales son as medidas máis importantes para previr a transmisión?

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans. No caso do alumnado verificarase polo mestre de garda á entrada no centro de que todo o alumnado realice a desinfección de mans e zapatos.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo) ademais de medidas de educación sanitaria. □ Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabon nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.

Que acontece cos eventos e actividades?

- ▶ Evitaranse aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura do alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases, así como as que exixan unha especial proximidade.
- ▶ Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar nos centros educativos realizaranse sen asistencia de público.
- ▶ Este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica **NON** se celebrará o Festival de Nadal ou actos masivos como o Samaín ou Magosto. As saídas didácticas, se se considera oportuno por parte do equipo docente, poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as normativas de transporte.

Que facer co espazo de traballo e material escolar?

- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo.
- Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.
- Na aula, no propio pupitre ou noutro lugar diferenciado, como casilleiros ou mobles, o alumnado gardará o seu material. Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en gabetas propios como estoxos ou semellantes e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
- Non se colocarán a roupa e as mochilas en colgadoiros, terán unha cadeira ao seu lado para ter cada un o seu material.
- Evitarase o desprazamento do alumnado da aula.
- **Pode compartirse o material? O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.**
- Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.



3. MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA NOS CENTROS

- ▶ **Como se organiza a limpeza no centro educativo? Haberá unha persoa de limpeza permanente no centro todas mañás 3 horas diarias. Polas tardes comenzarán as labores de limpeza antes da saída do alumnado.**
- ▶ ASEOS: polo menos dúas veces ao día. Os aseos do pabellón se foron usados polo alumnado tamén se limparán.
- ▶ Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, etc
- ▶ As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores.
- ▶ Do mesmo xeito, realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos



4. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

- ▶ **Cal é a medida principal de protección colectiva? O uso da máscara e manter a distancia e hixiene de mans por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva.**
- ▶ **Hai outras medidas de protección colectiva?**
- ▶ Nas entradas dos centros disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans. Tamén se tomará a temperatura ao alumnado a 1º hora da mañá.
- ▶ En todas as aulas, na zona máis próxima á porta da mesma, colocarse un dispensador de xel hidro alcohólico, así como contarán cun pulverizador desinfectante para o material da aula.

5. REGULACIÓN DE CIRCULACIÓN E DE ENTRADAS E SAÍDAS

- ▶ **Como se regulan as entradas e saídas para previr contaxios?** Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor.
- ▶ **ENTRADAS DO ALUMNADO DE INFANTIL**
- ▶ **-Alumnado de autobús:** O alumnado de autobús accede ao centro pola porta principal á chegada do autobús e será recollido polas persoas de garda. **Haberá persoal de garda** será o encargado de que boten nas mans xel hixienizante e a toma de temperatura coidando de que se respeten as medidas de distanciamento social entre o alumnado.
- ▶ **-Alumnado de Educación Infantil:** serán os primeiros de acceder e farano con **máscara** pola porta principal unha vez tomada a temperatura e coas mans hixienizadas accederán á súa aula no corredor principal onde estará agardando a mestra para acompañalos e comezar coas rutinas de entrada.
- ▶ No caso do **alumnado de 4º Educación Infantil, durante o período de adaptación.** poderán ser acompañados do pai/nai ata a porta da aula, pero entrando en último lugar e evitando coincidir no espazo co resto do alumnado.

➤ ENTRADA ALUMNADO DE PRIMARIA


- **Alumnado de Educación Primaria:** accederá con **máscara** pola porta principal á chegada do autobús. Unha vez que hixienicen as mans accederán á súa aula no primeiro andar respetando a sinalización de subida e a distancia social marcada pola sinalización.
- As familias non accederán ao recinto escolar. No caso de alumnado con NEAE se as titoras o consideran oportuno polo benestar do seu alumnado, os nenos e nenas poderán ser acompañados á aula por un membro da súa familia con máscara dende a entrada ata a aula.
- Nos **casos en que o alumnado chegue ao centro fóra do horario de entrada**, o alumnado de educación infantil poderá ser acompañado por un dos proxenitores ata entrada no corredor.
- A partir de 1º de Primaria será o alumno/a o que acceda á aula sen acompañamento da familia seguindo o traxecto habitual de entrada segundo a súa etapa educativa

Como se organiza o fluxo de movementos no centro?

- ▶ A **planta baixa** do edificio estará sinalizada a subida e a baixada cara a 1º planta. O resto do espazo non será preciso sinalizar os sentidos de entrada e saída xa que só está a clase de Infantil, o comedor e a biblioteca que non coinciden na mesma franxa horaria para os desprazamentos.
- ▶ O grupo estable de convivencia de Infantil terá todas as clases na aula de referencia e só se desprazarán á aula de psicomotricidade na sesión de psicomotricidade, como xa se viña facendo en anteriores cursos. O mesmo sucederá cando os recreos sexan no patio exterior. O **alumnado de Educación Infantil despois do recreo SEMPRE será recollido** e acompañado para regresar á aula polo profesorado co que ten clase a continuación.
- ▶ Na 1ª planta do edificio de **Primaria** o **corredor estará sinalizado no chan indicando a dirección da circulación para os desprazamentos**. Usarán as mesmas escaleiras coas que acceden ao centro pero facendo uso da marxe dereita para a subida e a marxe esquerda para a baixada.
- ▶ Cando os recreos sexan no patio exterior, as quendas de entrada ás aulas serán as mesmas que a primeira hora: en primeiro lugar o grupo de 1ª a 3ª e despois os maiores de Primaria.
- ▶ Independentemente do lugar onde teña lugar o recreo e, tanto en primaria como en secundaria, ao finalizar **IRÁN DIRECTAMENTE ÁS AULAS. NON PODERÁN PARAR NOS BAÑOS**. Ao remate do recreo serán os profesores/as que teñan docencia no grupo os que regularán o fluxo de asistencia ao baño controlando a hixiene de mans e o aforo.


Como se organizan as saídas?

- ▶ Alumnado de **Educación Infantil**: sae ás **13:25h** pola porta principal en fila coas titoras de El do seguinte xeito e seguindo as distancias especificadas pola cartelería. **O alumnado de comedor dirixirase ao recinto do comedor, mentres que o alumnado transportado será acompañado ata a saída do recinto e entregado ás monitoras de autobús.**
- ▶ **Pola tarde** a partires de outubro **será entregado ás 17:05h**
- ▶ Alumnado de **Educación Primaria** (1º, 2º e 3º): sae ás **13:30h** pola porta principal en fila coas titoras/es de EP do seguinte xeito e seguindo as distancias especificadas pola cartelería: en primeiro lugar 1º EP e sucesivamente
- ▶ Ao entregar ao 1º grupo se lle da paso ao 2º que están agardando no corredor. Na mesma orde irán entrando ao comedor.
- ▶ **Pola tarde** a partires de outubro será entregado ás **17:10h**
- ▶ **-Alumnado de Educación Primaria 5º e 6º**: sae pola porta principal ás **13:35 h**. O equipo docente acompañará seguindo as distancias especificadas pola cartelería. A orde de entrega será de 5º a 6º progresivamente. Na mesma orde irán entrando ao comedor.
- ▶ **Pola tarde** será entregado á hora de saída de costume, ás **17:15 h**



Que acontece coas actividades extraescolares?

- ▶ A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva **quedan suspendidas** debido á imposibilidade por parte da ANPA de garantir o cumprimento das medidas esixidas no protocolo.



Cales son as medidas para o transporte escolar?

- ▶ Poderán ser utilizadas todas a prazas coa **obriga do emprego de máscara.**
- ▶ Os/As acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado velarán por que todos os ocupantes do vehículo **leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.**
- ▶ Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para unha mellor trazabilidade dos contactos., salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restritivo do mesmo.

Cales son as normas para o comedor?

- ▶ Protocolo de comedor Covid- POR DETERMINAR COA EMPRESA DE CÁTERING
- ▶ O uso do comedor escolar, tanto de xestión indirecta, a cargo de HOTEL CONGRESO SANTIAGO, quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado **por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados.**

As medidas a adoptar nos comedores por orde de prioridade ou combinadas, serán as seguintes:

- ▶ Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade.
- ▶ Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última hora de horario lectivo) en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais que será o adecuado á rateo dos comensais que coman en cada quenda.

- Prevalecerá o servizo directo de comida por parte do persoal do comedor.
- Evitarase que os estudantes compartan comida ou bebida.
- Os produtos de autoservicio eliminaranse das mesas (xerras de auga, cruet, latas de aceite, etc.) e recoméndase que o atendan o persoal do comedor.
- Recoméndase a distribución de auga para que os estudantes beban en botellas individuais.
- A limpeza e desinfección de todo o material empregado no comedor será extremo
- Durante o servizo de comedor o **alumnado de Infantil que faga uso dos baños SO poderá ser acompañado polas coidadoras**, NUNCA por alumnado doutros grupos. O resto do alumnado irá sen acompañamento e coa vixiancia de que se manteña o aforo dos baños e ao seu baño de referencia (1 só alumno/a).
- **Despois de saír do comedor** todo o alumado terá que facer unha **hixiene de mans**.
- A saída tamén será escalonada. Conforme vaian acabando de comer os diferentes grupos sairán o grupo completo sen coincidir no tempo con outro grupo. As coidadoras do comedor serán as encargadas de xestionar a saída.

Que normas existen para os aseos?

- ▶ O uso dos aseos estará limitado a 1PERSONA.
- ▶ Durante os recreos e ao longo da xornada o profesorado vixiará o aforo.
- ▶ O alumnado SEMPRE EMPREGARÁ O SEU ASEO DE REFERENCIA.

INFANTIL	ASEOS DENTRO DA AULA
1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	ASEOS MASCULINOS 1º PLANTA
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	ASEOS FEMININOS 1º PLANTA E º ALUMNO COMPARTE O ASEO MASCULINO
5º/6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	ASEOS MASCULINOS E FEMININOS SALÓN DE ACTOS.

Como se organizan os recreos?

- ▶ Manterase o mesmo o horario pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada unha das clases e con 3 mestres de garda: 1 para Infantil e 2 para primaria como se viña facendo.
- ▶ -O **alumnado de infantil** que só usará o aseo da aula tamén durante os recreos. Cando o alumnado faga uso del, o profesorado prestará especial atención a guiar unha correcta hixiene de mans tras o seu uso. Non poderán haber máis dun alumno/a ao tempo.
- ▶ Sempre que sexa posible o recreo será no patio exterior na zona inferior onde está o areeiro que só será empregado polo alumnado de Infantil. Cando as condicións meteorolóxicas non o permitan será na aula.
- ▶ No exterior **haberá areeiro pero sen material para o xogo nel** e no interior só o alumnado de **infantil** fará uso da **zona con xogos infantís** . Polo que só un grupo estable de convivencia fará uso desta zona.

Como se organizan os recreos?

- ▶ **O alumnado de primaria**: sempre que sexa posible o recreo será no patio exterior na zona do patio cuberto e outra no campo . Se se fai uso das palas e mesa terán que desinfectalos antes e despois do seu uso baixo a supervisión do profesorado.
- ▶ O **alumnado de Primaria** poderá facer uso dos seus aseos de referencia O/a profesor/a responsable do grupo será o encargado de supervisar que o alumnado fai un uso individual deste espazo e que se mantén a hixiene de mans despois do seu uso. **Non poderán ir ao baño ao finalizar o recreo,** deberán volver á aula e o profesor/a xestionará as quendas.
- ▶ **DURANTE ESTE TEMPO O ALUMNADO FARÁ USO DA MÁSCARA.**
- ▶ **MANTERANSE OS HORARIOS DE RECREO EN TODAS AS ETAPAS.**




Cales son as medidas do alumnado que acuda a aula de AL ou PT?

- Aconséllase ao profesorado destas dúas especialidades que empreguen viseiras protectoras e mampatas, xa que, en moitas ocasións, o seu labor é incompatible co emprego da máscara.
- Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.
- Os alumnos deberán traer o seu propio material (un estoxo+ libreta de traballo..)
- Ao finalizar a sesión desinfectarase os materiais comúns empregados (mesas, cadeiras, xogos...), e desinfectaran as mans o saír.
- No caso de suspensión temporal da actividade presencial, as sesións co alumnado continuaranse a través da aula virtual e se é preciso a través da plataforma dixital da Xunta de Galicia Cisco Webex.



Cales son as normas que debe cumprir o profesorado?

- ▶ Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.
- ▶ O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.
- ▶ En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.
- ▶ **Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións.**



Cales son as normas para Claustros e Consellos Escolares?

- ▶ Os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia e deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto.



Como facer co ensino a distancia?

- ▶ **As aulas virtuais** utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de 3º de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de illamento cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería/profesorado.
- ▶ Na Educación Infantil, no primeiro e segundo cursos de Educación Primaria arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia..
- ▶ Durante o mes de setembro, antes da asistencia do alumnado ás aulas, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado.
- ▶ Durante os primeiros días de clase, en setembro, os/as titores/as de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual .



➤ ANTE O COMEZO DO NOVO CURSO
PRECISARASE O

☐ APOIO

☐ COMPROMISO E

☐ RESPONSABILIDADE DE TODA A
COMUNIDADE EDUCATIVA.

➤ GRAZAS!